



COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

DATOS

Apellidos:

Nombre:

DNI / NIE:

Señale lo que corresponda:

Enseñanza LIBRE / OFICIAL

Grupo / Profesor:

INSTRUCCIONES PARA LA REALIZACIÓN DE LA ACTIVIDAD

- Duración: **60 minutos**.
- Apague su **teléfono móvil**.
- Escriba sólo con **bolígrafo azul o negro**.
- No olvide realizar **todas** las tareas.
- Escriba sus respuestas en **la hoja de respuestas (reverso de esta página)**.
- Al finalizar, entregue **todas las hojas** utilizadas.

PUNTUACIÓN TOTAL: /20



FOLLA DE RESPOSTAS

TAREFA DA PARTE 1.^a. ENTREVISTA A MARINA GROSS

..... / puntos

Poña a letra do texto que corresponda á pregunta que lle formulan á entrevistada (A, B, C, D, E, F, G ou H) no recadro correspondente, como no exemplo 0.

(1 punto cada ítem. Total: 7 puntos)

	PREGUNTAS	RESP.	CORR.
0	<i>Que é Label?</i>	A	✓
1	Á hora de contratar o servizo dunha compañía de electricidade, en que aspectos nos debemos fixar?		
2	Cal é a materia pendente dos fogares españois?		
3	Cal é a partida de gasto enerxético máis grande nos fogares?		
4	Canto aforra un consumidor se, por exemplo, compra un electrodoméstico A fronte a outro cunha clasificación menor?		
5	Para o consumidor, ten algunha vantaxe respecto ao anterior etiquetado?		
6	Por que se cambia precisamente agora?		
7	Realmente axudan estas etiquetas a aforrar enerxía?		



TAREFA DA PARTE 2.^a. PAPEL E LAPIS

..... / puntos

Indique se as seguintes aseveracións referidas ao texto son verdadeiras (V) ou falsas (F). Poña V ou F, como no exemplo 0.

(1 punto cada ítem. Total: 6 puntos)

	ASEVERACIÓN	RESP. V / F	CORR.
0	<i>Mediado o século XIX, Castelao presenta a súa obra Sempre en Galiza en Bos Aires.</i>	F	✓
1	A idea de que algo realizado con boa materia prima non ten por que dar un resultado satisfactorio non ten sentido.		
2	A autora, mestra de primaria, estaba en activo durante o curso 2010-2011.		
3	A autora merca para o seu alumnado cadanseus lapis e bolígrafos, non sen antes ver os que tiña no seu lar.		
4	A autora obriga o seu alumnado a ler bibliografía en galego.		
5	A autora expresa que o alumnado que escriba con bolígrafo nos libros será amoestado.		
6	A autora prefire os traballos realizados a man porque posúen unha maior autenticidade.		



TAREFA DA PARTE 3.ª. PANOS NA CABEZA

..... / puntos

Escolla para cada espazo sombreado do texto a palabra correcta da columna da esquerda, como no exemplo 0. Teña en conta que cada vocábulo só se pode empregar unha vez e que dispón de tres máis dos que precisa.

(0,5 puntos cada ítem. Puntuación total: 7 puntos)

BANCO DE PALABRAS		RESP.		CORR.
		0	<i>razón</i>	✓
algo	marco	1		
alopecia	orde	2		
apoxeo	práctica	3		
brincos	pretensa	4		
conta	razón	5		
costume	unha	6		
decontado	varias	7		
entregos	veo	8		
hábitos	xeiras	9		
		10		
		11		
		12		
		13		
		14		

PARTE 1.ª DA COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

TAREFA Poña a letra do texto que corresponda á pregunta que lle formulan á entrevistada (A, B, C, D, E, F, G ou H) no recadro correspondente, como no exemplo 8. <p style="text-align: right;">(1 punto cada ítem. Total: 7 puntos)</p> / ... PUNTOS
--	--------------------

Entrevista a Marina Gross

A	<i>Que é Label 2020?</i>
<p>É un proxecto con financiamento europeo cuxo obxectivo é axudar e harmonizar a transición á nova etiquetaxe enerxética. Estas novas etiquetas afectarán a unha gran variedade de actores, desde fabricantes, administracións públicas e distribuidores ata os propios consumidores. Label 2020 acompañarase dunha gran campaña de comunicación que se vai desenvolver en 16 países europeos para dar a coñecer e facilitar este cambio.</p>	

B	
<p>A etiquetaxe enerxética europea foi creada hai 25 anos e, durante este tempo, tivo un grande impacto. Por unha banda, os consumidores puideron elixir de forma informada os produtos máis eficientes. Pero tamén serviu para impulsar o desenvolvemento e a innovación por parte dos fabricantes. Este sistema non está obsoleto, pero chegou a un punto no que as etiquetas máis eficientes poden xerar certa confusión. Por tanto, vaise facer un reescalado para crear unha nova xeración de etiquetaxe enerxética máis clara.</p>	

C	
<p>Este novo reescalado vai facer que sexa un sistema máis transparente. Así, os consumidores poderán informarse e comparar máis uns produtos con outros e elixir os máis eficientes. Tamén poderán escoller os que máis se adecúen ás súas necesidades, porque as novas etiquetas inclúen información para coñecer o uso do produto. Por exemplo, no caso dunha lavadora, saberemos canto ruído emite ou canto dura o programa ECO antes de comprala.</p>	

D	
<p>Os produtos eficientes consomen menos enerxía e, polo tanto, a repercusión na factura da luz do consumidor é directa e positiva. Ademais, teñen un menor impacto ambiental, que se</p>	

pode apreciar na diminución dos gases de efecto invernadoiro que emiten.

E

Os frigoríficos menos eficientes que hai no mercado pertencen á clase A+. Se comparamos un frigorífico A+++ que sexa combi, cunha capacidade de 200 litros na parte de frigorífico e 100 na de conxelador, cun das mesmas características, pero A+, o consumidor aforrará 1.500 kWh. Se se toma como referencia o prezo medio europeo do quilowatt, que é 0,27 kWh, supoñería un aforro de 405 € na vida útil do electrodoméstico.

F

En xeral, a máis grande adóitana ter os sistemas de calefacción e de refrixeración, aínda que depende da zona climática. E, precisamente, estes non serán escalados de novo nesta primeira fase. A eficiencia dos aparellos que temos na casa é clave. Pero, para aforrar, tamén é importante desenvolver hábitos eficientes de utilización. Podo ter un frigorífico moi eficiente, pero se o fixo a unha temperatura superior á que necesito, deixa de selo; ou podo comprar un frigorífico con capacidade para unha familia de catro ou cinco persoas cando convivo só ou coa miña parella. Ademais, é importante que o noso fogar estea ben illado, tanto para o verán como para o inverno, porque reduciremos o uso de calefacción e aire acondicionado.

G

O parque de vivendas en España é, en xeral, bastante antigo e ineficiente. E as súas caldeiras, tamén. Ademais, temos aparellos eléctricos que consomen moito.

H

Este é o primeiro aspecto que debemos ter en conta. Trátase dunha cota fixa que pagamos con independencia do consumo, polo que é imprescindible que estea axustada ao noso consumo e sexa adecuada coas nosas necesidades, e non maior. Tamén podemos acollernos á tarifa do mercado regulado polo goberno ou PVPC (Prezo Voluntario para o Pequeno Consumidor), dispoñible para os usuarios cunha potencia eléctrica inferior a 10 kW. Tamén podemos comprobar se temos acceso ao bono social.

Adaptación dunha entrevista a Marina Gross (biotecnóloga), publicada na revista *Eroski Consumer*, en novembro de 2020

PARTE 2.ª DA COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

TAREFA Indique, na táboa de respostas, se as seguintes aseveracións referidas ao texto son verdadeiras (V) ou falsas (F). Poña V ou F, como no exemplo 0. (1 punto cada ítem. Total: 6 puntos)	.. / ... PUNTOS
--	------------------------

Papel e lapis

No discurso que Castelao proferiu, en Bos Aires, na presentación da súa magna obra *Sempre en Galiza* (2 de xullo de 1944), e na súa definición como artista, o noso compatriota afirmaba compor unha obra artística, con vocación de tal, só cun papel e un lapis. A súa inmensa produción así o certifica. Cóntase, de por parte, como un español contemporáneo, Picasso, agasallou nunha ocasión a unha camareira cun seu debuxo, feito na mesa onde xantara, combinando liñas de lapis, viño do mantel e cinsa do cigarro. Di un refrán galego-portugués que “a brida de ouro non fai bo o cabalo”; nós engadiríamos que tamén non fai bo o xinete ou a amazona, de modo que, ampliando o dito, iríamos ao corolario de que a sobreabundancia ou a calidade de materiais non garante en absoluto o bo resultado estético ou cultural.

Lembrei isto cando, xa neste 2011, recordei un agasallo que lles fixen aos meus alumnos e alumnas no primeiro día deste curso escolar 2010-2011. Foi, após recadar bolígrafos e lapis na miña casa e comprar os que me faltaban, un de cada por cabeza, por tanto, un bolígrafo e un lapis a cada unha e a cada un. Expliqueilles o fácil simbolismo. O bolígrafo sería para anotaren todas as fichas necesarias posteriores ou simultáneas á lectura das obras de literatura galega que preceptivamente teñen de ler. O lapis para o usaren nos subliñados ou anotacións destes mesmos libros. A explicación era, claro está, preventiva. Advertinlles que sería obrigado pola miña parte coñecer a súa letra manuscrita e aviseinos de como non tiña o menor interese en recibir “traballos” mecanografados ou enviados por correo electrónico: non hai, neles, a menor garantía de se corresponderen coa autoría verdadeira (é ben coñecido e detectábel o truco do “corta e pega”...).

O debate, coido, non está entre “antigüidade” e “modernidade”, senón no bo uso da información que Internet, por exemplo, facilita. Son moitos os datos que podemos obter de forma rápida a través desta vía, mais isto non aforra o traballo particular de lectura, consulta e fontes escritas en papel e, sobre todo, interpretación fundada e documentada.

Artigo de M^a. Pilar García Negro, publicado en *Xornal de Galicia*, 5 de xaneiro de 2011

PARTE 3.ª DA COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

TAREFA Escolla para cada espazo sombreado do texto a palabra correcta da columna da esquerda, como no exemplo 0 e <u>póñao na folla de respostas</u> . Teña en conta que cada vocábulo só se pode empregar unha vez e que dispón de tres máis dos que precisa. (0,5 puntos cada ítem. Puntuación total: 7 puntos) / ... PUNTOS
---	---------------------------

Panos na cabeza

En *Xornal de Galicia* do pasado día 11, afirmaba con **0** **razón** Gloria Rojas, profesora da Escola Universitaria de Maxisterio en Melilla, que, se se prohibise o **1** nesta cidade, moitas das súas alumnas nunca serían mestras... Viña a **2** da polémica xurdida pola prohibición de ir ás aulas co pano na cabeza [...] na persoa dunha nena, alumna dun centro escolar de Arteixo. Concordo plenamente coas valoracións da profesora citada e engado as seguintes. Coido que o sucedido revela unha estomagante e paternalista visión da **3** superioridade cultural europea ou occidental. Antes de sancionar e de penalizar hábitos indumentarios dos demais, deberíamos ollar un **4** para nós mesmos. Vexamos. Segue vixente entre nós o **5** de furar as orellas ás pequenas, cando nacen ou moi pouco tempo despois, só polo feito de seren mulleres e para “facilitar” por adiantado os **6** ou pendentos que han de levar de nenas, adolescentes ou adultas. Debo de ser (xunto coa miña irmá) unha das poucas mulleres da miña idade a quen esta **7** non se aplicou. Impediuno **8** meu pai, cando a comadroa, seguindo a rutina, estaba disposta a facelo: eu non **9** as miñas fillas, por seren mulleres, dixo. Hoxe, en pleno **10** dunha cultura masoquista, proliferan por toda a parte, en rapazas e rapaces, *piercings* e tatuaxes **11** en variadas zonas do corpo. É tal a grima que me producen que, cando falo con alumnas ou alumnos “furados”, confeso que o ollo se me vai para a súa chaqueta, camisa... ou o que leven vestido, mais nunca se me ocorreu facer o menor comentario. ¿Que acontece se temos como alumnas monxas que aínda leven a cabeza cuberta, segundo á **12** á que pertencen, ou pacientes de quimioterapia que, para ocultaren a **13** do tratamento, porten un pano na cabeza ou un turbante? ¿Obrigámolas a retiráreno ou a se trasladaren de centro?

Gústenos ou non o pano á cabeza, convirá lembrar que até onte, coma quen di, levárono as nosas avoas e mesmo, mulleres moito máis novas, como as que impresionaron a miña retina infantil, nunha parroquia de Tui, cando preguntei a **14** miña curmá a razón de tantas mulleres novas iren vestidas de negro, no que me parecía un exceso de viúvas: non eran tal, ían así vestidas, explicoume, mentres os seus homes estaban no mar...

Artigo de M^a. Pilar García Negro, publicado en *Xornal de Galicia*, o 2 de febreiro de 2011

CHAVE DE RESPOSTAS

TAREFA DA PARTE 1.^a. ENTREVISTA A MARINA GROSS

Poña, na folla de respostas, a letra do texto que corresponda á pregunta que lle formulan á entrevistada (A, B, C, D, E, F ou H) no recadro correspondente, como no exemplo 8.

(1 punto cada ítem. Total: 7 puntos)

	PREGUNTAS	RESP.
0	<i>Que é Label?</i>	A
1	Á hora de contratar o servizo dunha compañía de electricidade, en que aspectos nos debemos fixar?	H
2	Cal é a materia pendente dos fogares españois?	G
3	Cal é a partida de gasto enerxético máis grande nos fogares?	F
4	Canto aforra un consumidor se, por exemplo, compra un electrodoméstico A fronte a outro cunha clasificación menor?	E
5	Para o consumidor, ten algunha vantaxe respecto ao anterior etiquetado?	C
6	Por que se cambia precisamente agora?	B
7	Realmente axudan estas etiquetas a aforrar enerxía?	D

TAREFA DA PARTE 2.^a. PAPEL E LAPIS

Indique, na folla de respostas, se as seguintes aseveracións referidas ao texto son verdadeiras (V) ou falsas (F). Poña V ou F, como no exemplo 0.

(1 punto cada ítem. Total: 6 puntos)

0	<i>Mediado o século XIX, Castelao presenta a súa obra Sempre en Galiza en Bos Aires.</i>	F
1	A idea de que algo realizado con boa materia prima non ten por que dar un resultado satisfactorio non ten sentido.	F
2	A autora, mestra de primaria, estaba en activo durante o curso 2010-2011.	F
3	A autora merca para o seu alumnado cadanseus lapis e bolígrafos, non sen antes ver os que tiña no seu lar.	F
4	A autora obriga ao seu alumnado ler bibliografía en galego.	V
5	A autora expresa que o alumnado que escriba con bolígrafo nos libros será amoestado.	F
6	A autora prefere os traballos realizados a man porque posúen unha maior autenticidade.	V

TAREFA DA PARTE 3.^a PANOS NA CABEZA

Escolla para cada espazo sombreado do texto a palabra correcta da columna da esquerda, como no exemplo 0. Teña en conta que cada vocábulo só se pode empregar unha vez e que dispón de tres máis dos que precisa.

(0,5 puntos cada ítem. Puntuación total: 7 puntos)

BANCO DE PALABRAS	
algo	marco
alopecia	orde
apoxeo	práctica
brincos	pretensa
conta	razón
costume	unha
decontado	varias
entregos	veo
hábitos	xeiras

	RESPOSTA
0	razón
1	veo
2	conta
3	pretensa
4	algo
5	costume
6	brincos
7	práctica
8	decontado
9	marco
10	apoxeo
11	varias
12	orde
13	alopecia
14	unha



COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORALES

PRUEBA DE CERTIFICACIÓN

DATOS

Apellidos:

Nombre:

DNI / NIE:

Señale lo que corresponda:

Enseñanza LIBRE / OFICIAL

Grupo / Profesor:

INSTRUCCIONES PARA LA REALIZACIÓN DE LA ACTIVIDAD

- Duración: **40 minutos**.
- Apague su **teléfono móvil**.
- Escriba con **bolígrafo azul o negro**.
- Cada tarea se escuchará **dos veces**.
- Para cada una, el procedimiento será el siguiente:
 - **dos minutos** para leer el enunciado y la tarea
 - **primera escucha** del documento
 - **un minuto** para responder
 - **segunda escucha** del documento
 - **dos minutos** para revisar las respuestas y anotarlas en la **hoja de respuestas** (reverso de esta página)
- Al finalizar, entregue **todas las hojas** utilizadas.

PUNTUACIÓN TOTAL: /20



FOLLA DE RESPOSTAS

TAREFA 1.^a. Exposición do traballo de Isaac Díaz Pardo

Indique se as seguintes aseveracións referidas ao documento sonoro son verdadeiras (V) ou falsas (F).
Poña V ou F, como no exemplo 0.

(1 punto cada ítem. Total: 7 puntos)

Fonte: <http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/tempo-catro-alberto-garcia-alix-entrevista-a-soledad-penalta-isaac-diaz-pardo>

.....
puntos

	ASEVERACIÓNS	RESP. V / F	COR
0	<i>De Díaz Pardo dise que, ademais de dedicarse a escribir e pintar, foi un home controvertido.</i>	V	✓
1	O traballo de Díaz Pardo como pintor e ceramista móstrase na exposición do Museo Provincial de Lugo.		
2	Dende os seus comezos artísticos, a cerámica foi a súa principal ocupación.		
3	As pezas cerámicas de Díaz Pardo que se expoñen no Museo de Lugo suman máis de medio século de traballo.		
4	Pódense ver, nesta exposición, esbozos e pezas descoñecidas ata o de agora.		
5	O expresionismo apréciase tanto na súa obra pictórica coma na cerámica.		
6	A cerámica da simbólica fábrica de Sargadelos constitúe unha icona galega.		
7	A figura de Díaz Pardo representa a dun intelectual galeguista, mais el foi, ante todo, un grande empresario.		

TAREFA 2.^a. Ruthie, a de Edna

Indique, poñendo A, B ou C, cal das tres opcións dadas é a correcta, segundo o que se escoita no documento sonoro, como no exemplo 0. Só unha é a válida.

(1 punto cada ítem. Total: 7 puntos)

.....
puntos

		RESP. A/B/C	CORR.
0	<i>Ruthie leva os calcetíns desemparellados porque</i>		
	<i>A. é descoidada.</i>	A	✓
	<i>B. non distingue as cores.</i>		
	<i>C. ten algúns rotos e non ten cartos para mercar outros.</i>		



1	Edna		
	A. lévase moi ben coa xente, por iso se producen traslados para estar ao seu carón.		
	B. posúe unha casa grande e tres apartamentos na praia.		
	C. ten una filla, Ruthie, que ten un can, Bobo.		
2	Ruthie		
	A. a miúdo camiña cara a ningures.		
	B. adoita ir polas tendas de compras.		
	C. sabe chifrar de marabilla.		
3	Ruthie		
	A. desfruta cos caramelos e as lambetadas.		
	B. gusta dos caramelos brandos e dos duros por igual.		
	C. mércalle a Benny, de cando en vez, caramelos brandos.		
4	Aínda que alguén estea falando, Ruthie avisa de que		
	A. admira a Marlon Brando.		
	B. observa algo fermoso.		
	C. se pode ver un globo voando no ceo.		
5	Ruthie		
	A. pensa en ir ao bingo cunhas amigas da súa nai.		
	B. pregúntalle a Mar se pode ir ao bingo.		
	C. puxo en marcha o coche e foi ao bingo.		
6	Ruthie		
	A. é unha afamada artista que canta e baila moi ben.		
	B. habita na casa da súa nai, posto que non ten casa de seu.		
	C. non desempeñou múltiples postos de traballo na súa xuventude porque non quixo.		
7	Ruthie		
	A. estivo a piques de chorar porque as últimas liñas do poema lle dan medo.		
	B. gaba os libros ao tocalos.		
	C. quere chorar, mirando ao ceo, ao lembrar os seus mortos.		



TAREFA 3.^a. Atlas arqueolóxico da paisaxe galega

Escriba unha resposta breve (máximo 5 palabras) para a pregunta formulada sobre o documento sonoro, como no exemplo 0. Fágao coas súas propias palabras, non coas que escoita exactamente no audio.

(0,5 puntos cada ítem. Total: 6 puntos)

Fonte: <https://blog.xerais.gal/o-atlas-arqueoloxico-da-paisaxe-galega-nunha-reportaxe-de-nos-television/>

	PREGUNTAS	RESP.	CORR.
0	<i>No Atlas arqueolóxico da paisaxe galega reúnense investigacións desenvolvidas hai cantos anos?</i>	<i>Máis dunha vintena. [máis de vinte anos (sic)]</i>	✓
1	Dende que perspectiva se aborda a paisaxe cultural galega?		
2	De que maneira se caracteriza o libro?		
3	Que característica se lle atribúe á perspectiva do <i>Atlas</i> ?		
4	Como se pode caracterizar a edición do libro?		
5	Que aspecto lles resultou difícil aos autores da obra?		
6	Ao introducir a palabra “atlas” no título do libro, que tipo de atlas querían deixar claro que era?		
7	Que poden facer os lectores cos instrumentos que lles ofrece o <i>Atlas</i> ?		
8	Que lles esixe o <i>Atlas</i> aos lectores?		
9	Como se pode definir o proceso de creación do <i>Atlas</i> ?		
10	Como son as historias que conta o libro?		
11	A través da paisaxe, que é posible facer coas ideas abstractas?		
12	Que dúas cousas é posible facer con respecto aos lugares concretos?		



CHAVE DE RESPOSTAS

TAREFA 1.^a. Exposición do traballo de Isaac Díaz Pardo

Indique se as seguintes aseveracións referidas ao documento sonoro son verdadeiras (V) ou falsas (F). Poña V ou F, como no exemplo 0.

(1 punto cada ítem. Total: 7 puntos)

Fonte: <http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/tempo-catro-alberto-garcia-alix-entrevista-a-soledad-penalta-isaac-diaz-pardo>

	ASEVERACIÓNS	RESP. V / F
0	<i>De Díaz Pardo díse que, ademais de dedicarse a escribir e pintar, foi un home controvertido.</i>	V
1	O traballo de Díaz Pardo como pintor e ceramista móstrase na exposición do Museo Provincial de Lugo.	F
2	Dende os seus comezos artísticos, a cerámica foi a súa principal ocupación.	F
3	As pezas cerámicas de Díaz Pardo que se expoñen no Museo de Lugo suman máis de medio século de traballo.	V
4	Pódense ver, nesta exposición, esbozos e pezas descoñecidas ata o de agora.	V
5	O expresionismo apréciase tanto na súa obra pictórica coma na cerámica.	F
6	A cerámica da simbólica fábrica de Sargadelos constitúe unha icona galega.	V
7	A figura de Díaz Pardo representa a dun intelectual galeguista, mais el foi, ante todo, un grande empresario.	F

TAREFA 2.^a. Ruthie, a de Edna

Indique, poñendo A, B ou C, cal das tres opcións dadas é a correcta, segundo o que se escoita no documento sonoro, como no exemplo 0. Só unha é a válida.

(1 punto cada ítem. Total: 7 puntos)

		RESP. A / B / C
0	<i>Ruthie leva os calcetíns desemparellados porque</i>	
	<i>A. é descoitada.</i>	A
	<i>B. non distingue as cores.</i>	
	<i>C. ten algúns rotos e non ten cartos para mercar outros.</i>	



1	Edna	
	A. lévase moi ben coa xente, por iso se producen traslados para estar ao seu carón.	C
	B. posúe unha casa grande e tres apartamentos na praia.	
	C. ten unha filla, Ruthie, que ten un can, Bobo.	
2	Ruthie	
	A. a miúdo camiña cara a ningures.	C
	B. adoita ir polas tendas de compras.	
	C. sabe chifrar de marabilla.	
3	Ruthie	
	A. disfruta cos caramelos e as lambetadas.	C
	B. gusta dos caramelos brandos e dos duros por igual.	
	C. mércalle a Benny, de cando en vez, caramelos brandos.	
4	Aínda que alguén estea falando, Ruthie avisa de que	
	A. admira a Marlon Brando.	B
	B. observa algo fermoso.	
	C. se pode ver un globo voando no ceo.	
5	Ruthie	
	A. pensa en ir ao bingo cunhas amigas da súa nai.	A
	B. pregúntalle a Mar se pode ir ao bingo.	
	C. puxo en marcha o coche e foi ao bingo.	
6	Ruthie	
	A. é unha afamada artista que canta e baila moi ben.	C
	B. habita na casa da súa nai, posto que non ten casa de seu.	
	C. non desempeñou múltiples postos de traballo na súa xuventude porque non quixo.	
7	Ruthie	
	A. estivo a piques de chorar porque as últimas liñas do poema lle dan medo.	B
	B. gaba os libros ao tocalos.	
	C. quere chorar, mirando ao ceo, ao lembrar os seus mortos.	



TAREFA 3.^a. Atlas arqueolóxico da paisaxe galega

Escriba unha resposta breve (máximo 5 palabras) para a pregunta formulada sobre o documento sonoro, como no exemplo 0. Fágao coas súas propias palabras, non coas que escoita exactamente no audio.

(0,5 puntos cada ítem. Total: 6 puntos)

Fonte: <https://blog.xerais.gal/o-atlas-arqueoloxico-da-paisaxe-galega-nunha-reportaxe-de-nos-television/>

	PREGUNTAS	RESP.
0	<i>No Atlas arqueolóxico da paisaxe galega reúnense investigacións desenvolvidas hai cantos anos?</i>	<i>Máis dunha vintena</i> <i>[hai máis de vinte anos (sic)]</i>
1	Dende que perspectiva se aborda a paisaxe cultural galega?	Dende moitos campos / moitas áreas [unha perspectiva multidisciplinar (sic)]
2	De que maneira se caracteriza o libro?	Cobizoso, desexoso [é un libro ambicioso (sic)]
3	Que característica se lle atribúe á perspectiva do <i>Atlas</i> ?	Completa, enteira, global, total [integral (sic)]
4	Como se pode caracterizar a edición do libro?	Complicada, complexa, custosa, laboriosa, traballosa [un libro difícil de editar (sic)]
5	Que aspecto lles resultou difícil aos autores da obra?	Que fose posible, factible, realizable; que puidese existir [para facelo viable (sic)]
6	Ao introducir a palabra “atlas” no título do libro, que tipo de atlas querían deixar claro que era?	De coñecemento [cognitivo (sic)]
7	Que poden facer os lectores cos instrumentos que lles ofrece o <i>Atlas</i> ?	Crealo, constituílo, formalo, intégralo, produciilo [compoñer por si mesmos ese atlas (sic)]
8	Que lles esixe o <i>Atlas</i> aos lectores?	Sacrificio, intento, tentativa... cognitivo [esfuerzo mental (sic)]
9	Como se pode definir o proceso de creación do <i>Atlas</i> ?	Dilatado, amplo, extenso, prolongado, grande [un proceso longo (sic)]
10	Como son as historias que conta o libro?	Xenérica, completa... e específica, singular, individual [xeral... trata de introducir outras máis concretas (sic)]



11	A través da paisaxe, que é posible facer coas ideas abstractas?	Velas / percibilas / observalas [realmente se poden visibilizar (sic)]
12	Que dúas cousas é posible facer con respecto aos lugares concretos?	Acudir, desprazarse alí e observar / fitar / mirar / ollar / contemplar / observar ... no mesmo lugar / <i>in situ</i> [que un pode ir, visitar e ver un pouco alí (sic)]



MEDIACIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

PRUEBA DE CERTIFICACIÓN

DATOS

Apellidos:

Nombre:

DNI / NIE:

Señale lo que corresponda:

Enseñanza LIBRE / OFICIAL

Grupo / Profesor:

INSTRUCCIONES PARA LA REALIZACIÓN DE LA ACTIVIDAD

- Duración: **25 minutos**.
- Apague su **teléfono móvil**.
- Escriba con **bolígrafo azul o negro**.
- Recuerde: **si no cumple la tarea**, la calificación será 0.
- Escriba sus respuestas en **la hoja de respuestas**.
- Al finalizar, entregue **todas las hojas** utilizadas.

PUNTUACIÓN MEDTE: / 10

PUNTUACIÓN MEDTO: / 10

PUNTUACIÓN TOTAL MEDIACIÓN: / 20
--



CONTEXTO: Vostede é un afeccionado ao fútbol, pero tamén unha persoa preocupada por certos aspectos relacionados con este deporte, como é a presenza feminina nel. Sobre esta cuestión vén de ler o seguinte artigo.

TAREFA: A partir deste texto, **deberá elaborar outro** para enviarlle a un colega que posúe as mesmas inquiredanzas que vostede, a fin de ver se entre os dous poden facer algo ao respecto na súa localidade.

OBSERVACIÓNS: Non repita literalmente as palabras do texto fonte nin engada, **máis que as imprescindibles**, ideas propias ou información que non sexan as dadas no texto.

EXTENSIÓN DO TEXTO A REALIZAR: 120 PALABRAS

TEMPO PARA A ELABORACIÓN DO SEU TEXTO: 25 MINUTOS

..... /

10 puntos

A porteira Irene, a historia dunha muller pioneira hai un século

Anos 20 do século pasado. O fútbol, que varias décadas antes atracara na costa galega, íase confirmando como un deporte de masas. Con cada vez máis afeccionados e referencias na prensa, na Coruña, coa pelota tamén en pleno auxe, o retrato dunha muller porteira ergue a admiración na céntrica rúa Real.

Irene González Basanta era porteira do equipo que ela mesma creara, o Irene FC, do que tamén era capitá. A primeira profesional do fútbol en España, a primeira muller que xogou con homes, a que lideraba un equipo de rapaces e levaba centos de persoas aos seus partidos, non só na súa cidade senón por varios campos de Galicia.

Irene y las puertas del fútbol. Historia de una pionera é o libro no que os xornalistas Rodríguez Cudeiro e Rubén Ventureira contan a historia desta muller, pero tamén a das circunstancias futbolísticas e sociais que rodearon o aflorar dunha figura deportiva e dun referente –feminista tamén– para as mulleres, nunha época na que aínda non podían votar e onde eran recorrentes as críticas de sectores que rexeitaban a afección feminina pola actividade física.

A súa fama traspasa fronteiras municipais e a expectación medra nos máis de vinte partidos dos que hai constancia da súa presenza. Non só na Coruña. A sona da porteira leva a que o seu club dispute encontros en Betanzos, Ferrol, Sada, Oleiros, Monforte de Lemos ou Noia, todos con importante presenza de público.

Adaptación dun artigo publicado por Miguel Pardo en *Praza Pública*, o 20 de decembro de 2020



MEDIACIÓN DE TEXTOS ESCRITOS – CLAVES DE CORRECCIÓN

IDEAS PRINCIPALES A EVALUAR

EL CANDIDATO DEBE:

- Explicar y reformular conceptos principales del texto como: **“explicar”**, **“sugerir”**, **“proponer”**, **“aconsejar”**.
- Utilizar ejemplos para explicar cada concepto.
- **Adecuar el vocabulario** y las estructuras al nivel del destinatario (en este caso, **es una persona que se sobrentiende que tiene sus mismos conocimientos, ya que son colegas**)

EL CANDIDATO NO DEBE:

- **Repetir literalmente las palabras del texto fuente.**
- **Añadir ideas propias ni información que no esté incluida en el texto fuente**, salvo para facilitar la correcta transmisión de la información.

A porteira Irene, a historia dunha muller pioneira hai un século

Anos 20 do século pasado. O fútbol, que varias décadas antes atracara na costa galega, íase confirmando como un deporte de masas. Con cada vez máis afeccionados e referencias na prensa, na **Coruña, coa pelota tamén en pleno auxe, o retrato dunha muller porteira ergue a admiración na céntrica rúa Real.**

Irene González Basanta era porteira do equipo que ela mesma creara, o Irene FC, do que tamén era capitá. A primeira profesional do fútbol en España, a primeira muller que xogou con homes, a que lideraba un equipo de rapaces e levaba centos de persoas aos seus partidos, non só na súa cidade senón por varios campos de Galicia.

[Irene y las puertas del fútbol. Historia de una pionera](#) é o libro no que os xornalistas Rodríguez Cudeiro e Rubén Ventureira **contan a historia desta muller, pero tamén a das circunstancias futbolísticas e sociais que rodearon o aflorar dunha figura deportiva e dun referente – feminista tamén– para as mulleres, nunha época na que aínda non podían votar e onde eran recorrentes as críticas de sectores que rexeitaban a afección feminina pola actividade física.**

A súa fama traspasa fronteiras municipais e a expectación medra nos máis de vinte partidos dos que hai constancia da súa presenza. Non só na Coruña. A sona da porteira leva a que o seu club dispute encontros en Betanzos, Ferrol, Sada, Oleiros, Monforte de Lemos ou Noia, todos con importante presenza de público.

Adaptación dun artigo publicado por Miguel Pardo en *Praza Pública*, o 20 de decembro de 2020



PRODUCCIÓN Y COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

DATOS

Apellidos:

Nombre:

DNI / NIE:

Señale lo que corresponda:

Enseñanza LIBRE / OFICIAL

Grupo / Profesor:

INSTRUCCIONES PARA LA REALIZACIÓN DE LA ACTIVIDAD

- Duración: **75 minutos**
- Apague su **teléfono móvil**.
- Escriba sólo con **bolígrafo azul o negro**.
- No olvide realizar **las dos tareas**.
- Recuerde: **si no cumple la tarea**, la calificación será 0.
- Escriba sus respuestas en **la hoja de respuestas (reverso de esta página)**.
- Al finalizar, entregue **todas las hojas** utilizadas.

PUNTUACIÓN TOTAL: / 20



TAREFA 1	Escriba un artigo para unha revista, de 200 palabras de extensión , no que dea a súa opinión sobre as consecuencias que deixará a actual pandemia na economía do país. / 10 puntos
-----------------	--	-------------------------

TAREFA 2	<p>Vostede acaba de recibir o seguinte correo electrónico da súa irmá. Nel, ela coméntalle a idea que ten de acoller durante o próximo verán un neno ou unha nena procedente de Chernobil. Debe contestarlle, con outro correo electrónico de 130 palabras de extensión, dándolle a súa opinión sobre o tema. Nel deberá:</p> <ul style="list-style-type: none">➤ Animala ou desanimala a seguir adiante co proxecto.➤ Indicarlle as vantaxes e os inconvenientes de levar a cabo a idea.➤ Comentarlle a experiencia dunha amiga súa que leva anos inmersa no proxecto de acollemento. / 10 puntos
-----------------	---	-------------------------

De: sabela@gmail.com

Para: alareira@gmail.com

Asunto: o vindeiro verán

Bo día!

Como te encontras? Espero que esteas ben.

Quería comentarche unha idea na que ando a pensar ultimamente. Estou barallando a opción de acoller temporalmente un neno ou unha nena rusa, deses pícaros afectados pola radiación de Chernobil. Xa comecei a informarme e sería dende finais de xuño ata finais de agosto.

Espero que me deas a túa opinión. A verdade é que xa estou case decidida a facelo, pero quería consultalo contigo. Por favor, contéstame en canto poidas.

Un bico,

Sabela



PRODUCCIÓN Y COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

CLAVES DE CORRECCIÓN

TAREA 1

- Utilizar el formato y el tratamiento adecuado (es un **artículo**): título, alusión a los posibles lectores y adaptación al registro que corresponda.
- Dar información sobre un aspecto concreto (**la influencia de la pandemia actual en la economía del país**) y adaptarlo al contexto.
- Exponer la situación bajo su punto de vista, con sus pros y contras, si procede.
- Explicar las causas, finalidades y consecuencias.
- Expresar objeción y reticencias.
- Expresar grados de certeza, duda e incredulidad.
- Expresar, justificar, defender y contrastar hechos y opiniones.
- Hacer suposiciones y plantear hipótesis.
- Expresar y preguntar por grados de certeza, evidencia, duda e incredulidad
- Formular condiciones con mayor, menor grado o imposible realización en el pasado, presente y futuro.

TAREA 2

FUNCIONES

- Saludar, despedirse, dirigirse a alguien y llamar la atención del interlocutor con el tratamiento adecuado, de acuerdo con el grado de conocimiento y del tipo de relación y en diferentes registros y canales. (**correo electrónico**)
- Aconsejar con su punto de vista. (**adopción o no de un niño de Chernobil**).
- Explicar las causas, finalidades y consecuencias.
- Expresar objeción y reticencias, grados de certeza, duda e incredulidad.
- Exponer algún caso similar conocido por el candidato.
- Justificar, defender y contrastar hechos y opiniones.
- Hacer suposiciones y plantear hipótesis.
- Invitar al acuerdo o desacuerdo y predecir.
- Preguntar y expresar posibilidad y probabilidad.
- Valorar ideas, hechos, servicios y acontecimientos.
- Elogiar y su contrario.



PRUEBA DE CERTIFICACIÓN – BLOQUE B

MEDIACIÓN DE TEXTOS ORALES

CONTEXTO: Vostede está moi interesado/a en mellorar os seus hábitos alimenticios e anda a procurar información en diferentes revistas.

TAREFA: Resuma o seguinte artigo para explicarllo a un amigo seu.

Advertencias sobre o mercurio e o consumo de peixe

O mercurio é un elemento químico que forma parte da natureza. É dicir, sempre estivo presente na nosa contorna de maneira natural. O problema é que esa presenza aumentou de modo notable nas últimas décadas debido á acción humana. A minaría, a industria ou a queima de combustibles fósiles, entre outras actividades, incrementaron os niveis de mercurio nos mares e, por extensión, nas especies mariñas.

O mercurio pode adoptar distintas formas. Dúas delas son as que preocupan as autoridades sanitarias: o mercurio inorgánico e o metilmercurio. Ambas as substancias son tóxicas, aínda que teñen efectos distintos.

- O mercurio inorgánico afecta sobre todo os riles, pero tamén pode facelo ao fígado, ao sistema nervioso, ao sistema inmune e aos sistemas reprodutores e do desenvolvemento.
- O metilmercurio afecta o sistema nervioso central en desenvolvemento. Ademais, pode favorecer o aumento de peso corporal e afectar á función locomotora e a auditiva.

O mercurio está presente nos animais mariños de consumo habitual, como o marisco, o polbo, os crustáceos ou o peixe, pero concéntrase particularmente nos exemplares máis grandes dos peixes azuis.

O Ministerio de Sanidade lembra, ademais, que o consumo de peixe ten efectos beneficiosos para a saúde, posto que é unha fonte de proteínas. En canto á seguridade do seu consumo, Sanidade subliña que “na lexislación alimentaria europea existen límites máximos de mercurio que son de obrigado cumprimento e que, controlados polas autoridades sanitarias, garanten un consumo seguro de alimentos pola poboación”.

Texto adaptado de *Eroski Consumer*, 07/11/2019



PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORALES (MONÓLOGO)

CONTEXTO: Estas dúas fotografías mostran dúas zonas de residencia diferentes.

TAREFA: Trate os seguintes puntos:

- Cal das dúas prefire? Por que?
- Cales son os hábitos e costumes da xente de cada lugar?
- Cales son as vantaxes e os inconvenientes de cada lugar?

Compare, contraste e xustifique a súa opinión.





COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORALES (DIÁLOGO)

ENUNCIADO CANDIDATO A

CONTEXTO: Acaban de derrubar a discoteca da vila á que vostede e o/a seu/súa colega acudían regularmente. O alcalde terá unha xuntanza con vostedes para recoller as súas opinións ao respecto. Reúnense antes para falar do tema.

TAREFA: Co/a seu/súa colega traten de chegar a un acordo sobre que se debería construír no lugar no que estaba a discoteca. Velaí algunhas suxestións:

- Un balneario
- Unha casa da cultura



ENUNCIADO CANDIDATO B

CONTEXTO: Acaban de derrubar a discoteca da vila á que vostede e o/a seu/súa colega acudían regularmente. O alcalde terá unha xuntanza con vostedes para recoller as súas opinións ao respecto. Reúnense antes para falar do tema.

TAREFA: Co/a seu/súa colega traten de chegar a un acordo sobre que se debería construír no lugar no que estaba a discoteca. Velaí algunhas suxestións:

- Un asilo
- Un pavillón deportivo

